

## PRESENTACIÓN

---

A coalición *Internet Rights & Principles* é unha rede internacional de persoas e organizacións de todo tipo que traballamos para defender os dereitos humanos na Internet e na que colabora activamente a Asociación de Usuarios de Internet.

Inspírase no Foro de Gobernanza de Internet das Nacións Unidas, un foro multisectorial (*multistakeholder*), aberto á participación de gobernos, empresas e grupos da sociedade civil, que se une para discutir sobre temas de interese relacionados coa Gobernanza da internet.

Desde 2008, a Coalición estivo activa na promoción e discusión destes principios baseados nos dereitos para a gobernanza de Internet e contou con participación de organizacións non gobernamentais, investigadores, activistas, avogados, empresas da Internet, provedores de servizos, operadores, comunidades técnicas, representantes de gobernos e organizacións intergovernamentais.

O traballo principal da *Coalición polos Dereitos e Principios da Internet* (Coalición IRP) até a data foi estudar como os dereitos humanos recoñecidos na actualidade ven afectados o fenómeno de Internet e as novas tecnoloxías para concienciar da súa importancia e crear as bases dunha plataforma común para a mobilización da nosa sociedade.

O documento elaborado é a Carta de Dereitos Humanos e Principios para Internet que cobre a práctica totalidade dos dereitos que conforman a Carta Internacional de Dereitos Humanos das Nacións Unidas. É o resultado do traballo de moitas persoas e organizacións nos últimos anos e está a crecer a súa aceptación como base de referencia para o desenvolvemento de reformas legislativas no ámbito local e rexional.

O obxectivo é, por unha banda, promover un maior coñecemento sobre como as tecnoloxías afectan os dereitos humanos para as persoas xa conectadas e as que aínda non o están e, por outro, crear un cadro global a ter en conta á hora de desenvolver medidas de gobernanza da internet nas leis de cada país.

En 2011, realizouse un exercicio de síntese para elixir o dez valores fundamentais que subxacen á Carta, documento que foi xa revisado pola UNESCO e que se inclúe como introdución á Carta.

---

## 10 DEREITOS E PRINCIPIOS BÁSICOS PARA A GOBERNANZA DE INTERNET

---

Internet ofrece oportunidades sen precedentes para desenvolver os Dereitos Humanos e desempeña un papel cada vez máis importante na nosa vida. Por tanto, é esencial que todos os axentes, tanto públicos como privados, respecten e protexan os Dereitos Humanos na Internet. Tamén deben ser tomadas medidas que garantan que a Internet funcione e evolucione de maneira que cumpra e sexa respectuosa con estes dereitos. Para facer realidade unha Internet baseada na Carta Universal dos Dereitos Humanos, propomos os seguintes dereitos e principios.

---

### 1. UNIVERSALIDADE E IGUALDADE

Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos, que deben ser respectados, protexidos e cumpridos no ámbito *On-line*.

---

### 2. DEREITOS E XUSTIZA SOCIAL

A Internet é un espazo para a promoción, protección e cumprimento dos Dereitos Humanos e o avance da xustiza social. Toda persoa ten o deber de respectar os dereitos dos demais no ámbito *On-line*.

---

### 3. ACCESIBILIDADE

Toda persoa ten igual dereito a acceder e utilizar a Internet de forma segura e libre.

---

### 4. EXPRESIÓN E ASOCIACIÓN

Toda persoa ten dereito a procurar, recibir e difundir información libremente na Internet sen censura nin interferencias. Todo o mundo ten dereito a asociarse libremente a través da Internet, con fins sociais, políticos, culturais ou doutro tipo.

---

### 5. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

Toda persoa ten dereito á privacidade *On-line*. Isto inclúe non ser vixiada, o dereito a utilizar cifrado e o dereito ao anonimato. Todo o mundo ten dereito á protección de datos, incluíndo o control sobre a recolección, retención, transformación, eliminación e divulgación dos seus datos persoais.

---

### 6. VIDA, LIBERDADE E SEGURANZA

O dereito á vida, a liberdade e a seguranza deben ser respectados, protexidos e cumpridos en Internet. Estes dereitos non deben ser infrinxidos ou utilizados para infrinxir os dereitos doutros.

---

### 7. DIVERSIDADE

A diversidade cultural e lingüística na Internet debe ser promovida, a innovación técnica e política deben alentar e facilitar a pluralidade de expresión.

---

### 8. IGUALDADE

Todo o mundo terá acceso universal e aberto aos contidos da Internet, libre de priorizacións discriminatorias, filtrado ou control de tráfico por razóns comerciais, políticas ou doutro tipo.

---

### 9. NORMAS E REGULAMENTO

A arquitectura da Internet, os sistemas de comunicación e os formatos de documentos e datos deben estar baseados en estándares abertos que garantan a interoperabilidade completa, a inclusión e a igualdade de oportunidades para todos.

---

### 10. GOBERNO

Os Dereitos Humanos e a Xustiza Social deben ser a base xurídica e normativa sobre a que operar en Internet. Isto sucederá de maneira transparente e multilateral, cunha Internet baseado nos principios da participación inclusiva e a rendición de contas.

---

# *CARTA DE DEREITOS HUMANOS E PRINCIPIOS DA INTERNET*

---

## **Preámbulo**

Considerando que Internet é un lugar onde as persoas se comunican, encontran e reúnen, así como unha utilidade básica para que persoas, comunidades, organizacións e institucións poidan levar a cabo todo tipo de actividades en todas as áreas da ocupación humana e da sociedade;

Considerando que o acceso e o coñecemento da internet converteuse nunha necesidade fundamental para acceder con plenitude aos Dereitos Humanos, as liberdades fundamentais, a democracia, o desenvolvemento e a xustiza social;

Considerando que a gobernanza da internet, da súa infraestrutura e dos protocolos para as súas aplicacións e usos teñen consecuencias directas sobre o exercicio de todos os Dereitos Humanos e as liberdades fundamentais e o desenvolvemento da democracia e a xustiza social;

Considerando que para o goce pleno e universal de todos os Dereitos Humanos e as liberdades fundamentais é preciso o exercicio efectivo destes dereitos tamén en Internet;

Considerando a natureza mundial da internet e o feito de ser un activo valioso para aumentar e manter un mellor coñecemento mutuo, a comprensión e a aceptación dos diferentes pobos, alén da importancia das peculiaridades locais e rexionais e os diversos patrimonios históricos e culturais;

Considerando que o carácter universal, indivisíbel, interdependente e interrelacionado dos Dereitos Humanos ultrapasa as especificidades de calquera sistema político, económico e cultural;

Considerando que a Internet foi historicamente un espazo onde conviven a actividade pública e a privada, o exercicio e defensa dos Dereitos Humanos no ámbito dixital require que os Estados así como todos os outros actores da sociedade cumpran coas súas responsabilidades segundo as súas respectivas capacidades;

Considerando que unha concepción común de como son aplicados no ámbito dixital os Dereitos Humanos Universais e as liberdades é necesaria para o pleno cumprimento deste compromiso;

Presentamos esta Carta de Dereitos Humanos e Principios da internet a modo de ideal común a atinxir para todas as partes interesadas no ámbito da internet. Todos os individuos e órganos da sociedade deben actuar para promover o respecto por estes dereitos e liberdades e, tanto a través de medidas locais e globais, asegurar o seu recoñecemento e aplicación universal e efectiva.

## 1.- O acceso a Internet

Toda persoa ten dereito a acceder a Internet. Neste dereito alicerzan todos os demais dereitos desta Carta.

O acceso a Internet é cada vez máis indispensable para o pleno goce dos Dereitos Humanos, incluído o dereito á liberdade de expresión, o dereito á liberdade de reunión pacífica e asociación, o dereito a participar no goberno dun país, o dereito ao traballo, o dereito ao descanso e o lecer e o dereito á educación. O dereito de acceso a Internet deriva da súa relación integral con todos estes Dereitos Humanos.

O dereito de acceso a Internet ten de ser garantido para todas as persoas e non poderá ser obxecto de restricións salvo cando estas estiveren previstas por lei, foren necesarias para protexer a seguranza nacional, a orde pública, a saúde, a moral pública ou os dereitos e liberdades dos demais e foren coherentes cos demais dereitos recoñecidos na presente Carta.

O dereito de acceso a Internet inclúe:

### a) Calidade do servizo

A calidade do servizo ao que as persoas teñen dereito evolucionará en liña co avance das posibilidades tecnolóxicas.

### b) A liberdade de elección do sistema e do *software*.

O acceso inclúe a liberdade de elección do sistema, aplicación e uso de *software*. Para facilitar esta tarefa e manter a interconectividade e a innovación, as infraestruturas de comunicación e protocolos deben ser interoperábeis e as normas deberían estar abertas. Todo o mundo debería ser capaz de innovar en contidos, aplicacións e servizos sen ter que someterse á autorización centralizada e os procedementos de validación.

### c) Garantir a inclusión dixital

A inclusión dixital require que todas as persoas teñan acceso e poidan usar de forma eficiente os medios dixitais, plataformas de comunicación e dispositivos para a xestión e o procesamento da información.

Para este fin, serán apoiadas activamente as instalacións individuais ou comunitarias de autoxestión dos servizos. Serán postos a disposición da cidadanía puntos públicos de acceso a Internet, como nos telecentros, bibliotecas, centros comunitarios, clínicas e escolas. O acceso a Internet a través dos medios de comunicación móbiles tamén debe ser apoiado.

### d) Neutralidade e igualdade da Rede

Internet é un ben común global. A súa arquitectura debe ser protexida e promovida para que sexa un vehículo para a troca libre, aberta, equitativa e non discriminatoria da información, a comunicación e a cultura. Non debe haber privilexios especiais ou obstáculos en contra de ningunha das partes ou contidos por razóns económicas, sociais, culturais ou políticas. Isto non

se opón á discriminación positiva para promover a equidade e a diversidade a través da internet.

## **2. Non discriminación no acceso, uso e xestión da internet**

Tal como establece o artigo 2 da Declaración de Dereitos Humanos: “Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”.

Ningunha disposición desta Carta pode ser interpretada como a prevención dunha acción positiva destinada a garantir a igualdade sustantiva para as poboacións ou grupos marxinalizados.

En Internet, o dereito á non discriminación no goce de todos os dereitos inclúe:

### **a) A igualdade de acceso**

Certos grupos da sociedade teñen, de forma sistemática, peor accesibilidade a Internet que outros. Isto pode equivaler a discriminación *de facto* en canto á súa capacidade para gozar dos Dereitos Humanos compatíbeis con Internet. Así, os esforzos para incrementar a accesibilidade deben recoñecer e abordar estas desigualdades.

### **b) Grupos marxinalizados**

As necesidades específicas de todas as persoas no uso da internet deben ser abordadas como parte do seu dereito á dignidade, a participar na vida social e cultural e ao respecto dos seus dereitos humanos. Debe prestarse especial atención ás necesidades dos grupos marxinalizados –como as persoas idosas, a/os xoves, as minorías étnicas e lingüísticas, as persoas con discapacidade– e das diferentes identidades de xénero e sexualidade.

Os interfaces, contido e as aplicacións deben ser deseñados usando principios universais, de maneira que se garanta o acceso destes grupos, na maior medida posíbel, sen necesidade de adaptacións ou deseños específicos. Isto inclúe atender a necesidade de múltiples linguas e *scripts*.

### **c) A igualdade de xénero**

Mulleres e homes teñen igual dereito a informarse, definir, acceder, utilizar e dar forma a Internet.

Debe haber plena participación das mulleres en todos os ámbitos relacionados co desenvolvemento da internet para garantir a igualdade de xénero.

### 3.- Liberdade e seguranza e na Internet

Tal e como establece o artigo 3 da Declaración Universal de DD.HH.: "Toda persoa ten dereito á vida, a liberdade e a seguranza da súa persoa".

Todas as medidas de seguranza deben estar en consonancia co dereito e as normas internacionais e os dereitos humanos. Isto significa que as medidas de seguranza serán ilegais na medida en que restrinxiren outro dereito humano (por exemplo, o dereito á intimidade ou o dereito á liberdade de expresión), excepto en circunstancias excepcionais. Todas as restricións deben ser definidas de forma precisa. Todas as restricións deben ser as mínimas necesarias para satisfacer unha necesidade real que se recoñece como legal no dereito internacional, e proporcionadas a esa necesidade. As restricións tamén deben cumprir con criterios adicionais que son específicos de cada dereito. Non se permiten restricións fóra destes límites estritos.

Na Internet, o dereito á vida, a liberdade e a seguranza inclúen:

#### a) Protección contra todas as formas da delincuencia

Todo o mundo debe ser protexido contra calquera forma de delito cometido en ou mediante Internet, incluíndo o acoso, o ciber-acoso, o tráfico de persoas e o uso indebido de datos ou da identidade dixital.

#### b) Seguranza da internet

Toda persoa ten dereito a gozar de conexións seguras á Internet. Isto inclúe protección de servizos e protocolos que poderían pór en perigo o adecuado funcionamento da internet como virus, códigos maliciosos e *phishing*.

### 4.- Desenvolvemento a través da internet

Todos os Dereitos Humanos da Declaración Universal requiren o desenvolvemento económico, social, cultural e político co fin de se realizaren plenamente, como se recoñece na Declaración das Nacións Unidas sobre o Dereito ao Desenvolvemento, 1986.

A Internet desempeña un papel vital para contribuir a lograr a efectividade plena dos Dereitos Humanos, en particular a erradicación da pobreza, a fame e as doenzas e a promoción da igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres.

O dereito ao desenvolvemento inclúe o pleno goce de todos os dereitos relacionados coa Internet establecidos na presente Carta.

Na Internet, o dereito ao desenvolvemento inclúe:

#### a) Redución da pobreza e o desenvolvemento humano.

A tecnoloxía será deseñada, desenvolvida e implementada para contribuír e potenciar o desenvolvemento humano sustentábel.

## **b) Sustentabilidade do medio ambiente.**

A Internet debe ser utilizada de maneira sustentábel. Isto refírese á eliminación dos refugallos electrónicos e o uso da internet para a protección do medio ambiente.

## **5.- Liberdade de expresión e información en Internet**

Tal e como establece o artigo 19 da Declaración Universal: "Todo individuo ten dereito á liberdade de opinión e de expresión; este dereito inclúe o de non ser molestado por mor das súas opinións, o de investigar e recibir informacións e opinións, e o de as difundir, sen limitación de fronteiras, por calquera medio de expresión."

Tal e como se establece no Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, o dereito á liberdade de expresión pode estar suxeito a certas restricións, que serán unicamente aquelas expresamente fixadas pola lei e necesarias para o respecto dos dereitos ou a reputación dos demais, ou para a protección dos intereses nacionais de seguranza, a orde pública, a saúde ou a moral pública. Non son permisíbeis as restricións ao dereito á liberdade de opinión.

A liberdade de expresión é esencial en calquera sociedade para gozarmos doutros dereitos humanos e bens sociais como a democracia e o desenvolvemento humano.

Na Internet, o dereito á liberdade de opinión e de expresión comprende:

### **a) A liberdade de protesta en liña**

Toda persoa ten dereito a usar Internet para organizarse e participar en protestas *online* e *offline*.

### **b) A liberdade ante a censura**

Toda persoa ten dereito a usar a Internet sen censura de ningún tipo. Isto inclúe a liberdade das medidas destinadas a intimidar os usuarios da internet ou pechar expresión en liña, incluíndo a liberdade dos ataques cibernéticos e a liberdade contra o acoso en liña.

A liberdade ante a censura en liña tamén inclúe a liberdade fronte ao bloqueo e os sistemas de filtrado que teñen por obxecto impedir o acceso a contidos e que non están controlados por usuarios finais, son unha forma de censura previa e non poden ser xustificadas.

Os intermediarios da internet non deben ser presionados polos Estados ou outras partes para eliminaren, ocultaren ou bloquearen o contido, ou revelaren información sobre as persoas que usan a internet.

### **c) Dereito á información**

Toda persoa ten dereito a procurar, recibir e difundir informacións e ideas a través da internet. Todo o mundo ten dereito de acceso á información pública, que debe ser liberada de forma oportuna e accesíbel, en conformidade co dereito nacional e internacional.

#### **d) A liberdade dos medios de comunicación**

A liberdade e o pluralismo dos medios de comunicación deben ser respectados.

#### **e) Liberdade fronte ao discurso de odio**

As crenzas e as opinións dos demais deben ser respectadas, tanto en liña como sen conexión. Tal como establece o artigo 20 do ICCPR, "toda apoloxía do odio nacional, racial ou relixioso que constituía incitación á discriminación, á hostilidade ou á violencia será prohibida por lei."

Certas limitacións moi concretas ao dereito á liberdade de expresión poderán ser implementadas sobre a base de causaren un prexuízo grave aos Dereitos Humanos dos demais. Con todo, isto non debe ser utilizado para protexer as nocións ou os conceptos abstractos ou subxectivos, ou institucións, senón para protexer individuos e grupos de persoas.

As restricións en virtude deste artigo deberán cumprir coas normas para todas as restricións do dereito á liberdade de expresión como foron definidas anteriormente.

### **6.- Liberdade relixiosa e de crenzas en Internet**

Tal e como establece o artigo 18 da Declaración Universal: "Toda persoa ten dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión". Este dereito inclúe a liberdade de manifestar crenzas, xa sexa de forma individual ou colectiva, en público ou en privado, a través do ensino, a práctica, a oración e a observancia. Este dereito comprende a liberdade relixiosa e non debe ser utilizado ilegalmente para limitar os Dereitos Humanos.

### **7.- Liberdade de reunión e de asociación *online***

Tal e como establece o artigo 20 da Declaración Universal: "Toda persoa ten dereito á liberdade de reunión e de asociación pacíficas. Ninguén poderá ser obrigado a pertencer a unha asociación."

Na Internet, o dereito á liberdade de reunión e de asociación inclúe:

#### **a) A participación en asembleas e asociacións en Internet**

Toda persoa ten dereito a formar, unir, reunir ou visitar o sitio web ou rede dun conxunto, grupo ou asociación por calquera razón.

O acceso ás asembleas e asociacións no TIC non debe ser bloqueado ou filtrado.

### **8.- Privacidade en Internet**

Tal e como establece o artigo 12 da Declaración Universal: "Ninguén será obxecto de inxerencias arbitrarias na súa vida privada, a súa familia, o seu domicilio ou a súa



correspondencia, nin de ataques á súa honra ou á súa reputación. Toda persoa ten dereito á protección da lei contra tales inxerencias ou ataques”.

Na Internet o dereito á privacidade inclúe:

#### **a) A lexislación nacional sobre a privacidade**

Os Estados deben establecer, executar e facer cumprir cadros legais integrais para protexer a privacidade e os datos persoais dos cidadáns. Estes deben estar en consonancia coas normas internacionais de dereitos humanos e a protección dos consumidores, e deben incluír a protección contra violacións de privacidade por parte do Estado e das empresas privadas.

#### **b) Políticas de configuración da privacidade**

A protección da privacidade e a súa configuración debe ser fácil de encontrar en todos os servizos. A xestión e configuración da privacidade debe ser integral e estar optimizada para facilitar o seu uso.

#### **c) Normas de confidencialidade e integridade dos sistemas TIC**

O dereito á privacidade debe ser protexido polas normas de confidencialidade e integridade dos sistemas de TIC, proporcionando protección contra o acceso aos sistemas de TIC sen o seu consentimento.

#### **d) Protección da personalidade virtual**

Toda persoa ten dereito a unha personalidade virtual: a personalidade virtual da persoa humana (é dicir, a identificación persoal na información) é inviolábel.

As firmas dixitais, nomes de usuaria/o, señas, códigos PIN e TAN non deben ser utilizadas ou modificadas por terceiras persoas sen o consentimento da/o titular.

A personalidade virtual da persoa humana debe ser respectada. Con todo, o dereito a unha personalidade virtual non debe ser mal utilizado en detrimento dos demais.

#### **e) Dereito ao anonimato e a utilizar cifrado**

Toda persoa ten dereito a comunicarse de forma anónima en Internet.

Toda persoa ten dereito a utilizar a tecnoloxía de encriptación para garantir unha comunicación segura, privada e anónima.

#### **f) A liberdade ante a vixilancia**

Todo o mundo ten a liberdade de comunicarse sen vixilancia ou interceptación arbitraria (incluíndo o seguimento do comportamento, de perfís e da espreita cibernética), ou a ameaza de vixilancia ou interceptación.

Todo acordo relativo ao acceso aos servizos en liña que inclúa aceptación da vixilancia deberá indicar claramente a natureza desta vixilancia.

### **g) A liberdade ante a difamación**

Ninguén pode ser obxecto de ataques ilegais á súa honra e reputación en Internet. Toda persoa ten dereito á protección da lei contra tales inxerencias ou ataques. Con todo, a protección da reputación non debe ser utilizada como escusa para restrinxir a liberdade de expresión lexítima.

## **9.- Protección dos datos dixitais**

Tal e como establece o artigo 12 da Declaración dos Dereitos Humanos, todas as persoas teñen dereito á intimidade. Un aspecto importante deste dereito é que toda persoa ten dereito á protección dos seus datos persoais.

Na Internet, o dereito á protección de datos persoais inclúe:

### **a) Protección de datos persoais**

As prácticas de información xustas deben estar promulgadas en leis de ámbito estatal para impor obrigacións ás empresas e os gobernos que recollen e procesan datos de carácter persoal e garantir dereitos ás persoas cuxos datos persoais son recollidos.

### **b) Obrigacións dos colectores de datos**

A recompilación, uso, divulgación e conservación dos datos persoais debe cumprir as normas dunha política de privacidade transparente.

Toda persoa ten dereito a exercer o control sobre os seus datos persoais e o seu uso. quen esixir datos persoais, deberá solicitar o consentimento informado do individuo con respecto ao contido, efectos, localización de almacenamento, a duración e os mecanismos para o acceso, recuperación e corrección dos datos.

Toda persoa ten dereito a acceder, recuperar e eliminar os datos persoais recollidos sobre ela.

### **c) Normas mínimas sobre o uso de datos persoais**

Cando se require información persoal só será recollido o mínimo de datos necesario e polo período mínimo de tempo.

Os datos deben ser eliminados cando xa non son necesarios para os fins para os que foron recompilados.

Os recolectores de datos teñen a obrigaçión de solicitar o consentimento activo e notificar ás persoas se a súa información foi transmitida a terceiros, perdida, roubada ou mal utilizada.

Serán tomadas as medidas de seguranza adecuadas para a protección de datos persoais almacenados en ficheiros automatizados contra a destrución accidental ou non autorizada ou a perda accidental, así como contra o acceso non autorizado, alteración ou difusión destes datos.

#### **d) Monitorización da protección de datos**

A protección de datos debe ser vixiada polas autoridades independentes de protección de datos, que funcionarán de forma transparente e sen vantaxes comerciais ou influencia política.

### **10.- Educación en Internet e sobre Internet**

O artigo 26 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos establece que "toda persoa ten dereito á educación".

Na Internet o dereito á educación inclúe:

#### **a) Educación a través da internet**

Os contextos de aprendizaxe virtuais e outros tipos de plataformas de ensino e formación multimedia deberán ter en conta as variacións locais e rexionais en materia de pedagogía e as tradicións do coñecemento.

As publicacións, as investigacións, os libros de texto, o material didáctico e outros tipos de materiais de aprendizaxe serán publicados como recursos educativos abertos outorgando o dereito a os utilizar, copiar, reutilizar, adaptar, traducir e distribuir libremente.

Deberán ser promovidas oportunidades de formación gratuitas ou de baixo custo, metodoloxías e materiais relacionados sobre o uso da internet para o desenvolvemento social.

#### **b) Educación sobre a Internet e os Dereitos Humanos**

Todas as persoas deben recibir educación sobre a Internet.

A educación na Internet incluírá a sensibilización e o respecto aos Dereitos Humanos (*online* e *offline*).

A alfabetización dixital será unha componente chave da educación. As persoas serán formadas nos coñecementos e habilidades que poden usar e adaptar en Internet para satisfacer as súas necesidades.

### **11.- O acceso aos coñecementos e a cultura en Internet**

Tal como establece o artigo 27 da Declaración Universal: "Toda persoa ten dereito a tomar parte libremente na vida cultural da súa comunidade, a gozar das artes e a participar no progreso científico e os seus beneficios".

Tamén está establecido no artigo 27 da Declaración Universal: "Toda persoa ten dereito á protección dos intereses morais e materiais resultantes das producións científicas, literarias ou artísticas" da súa autoría.

A propiedade intelectual é un produto social e ten unha función social. Por tanto, a protección da propiedade intelectual debe equilibrar os dereitos dos creadores co interese público. Os

réximes de dereitos de autor non deben restrinxir de maneira desproporcionada a capacidade da internet para facilitar o acceso público ao coñecemento e a cultura.

Na Internet, o dereito a participar libremente na cultura inclúe:

#### **a) Dereito a participar na vida cultural da comunidade**

Toda persoa ten dereito a utilizar Internet para acceder ao coñecemento, información e investigación. Todo o mundo ten a liberdade de acceder e compartir información de valor público sen ser obxecto de acoso ou limitacións.

Toda persoa ten dereito a facer uso dos coñecementos e os instrumentos do pasado para mellorar o coñecemento persoal e colectivo para o futuro.

#### **b) Diversidade de linguas e culturas**

Debe ser protexido o valor dos servizos públicos en Internet, incluíndo o acceso a información de calidade e diversa, así como os diferentes contidos culturais.

Na Internet está representada unha grande diversidade de culturas e linguas en termos de aparencia e funcionalidade.

A diversidade cultural e lingüística a través da internet debe ser representada en todas as formas (por exemplo, texto, imaxes e son).

Será promocionada a evolución tecnolóxica e a innovación para promover a diversidade na Internet.

O coñecemento indíxena deberá ser protexido e promovido en liña.

#### **c) Dereito a usar a lingua propia**

Todos os individuos e as comunidades teñen o dereito de usar a súa propia lingua para crear, difundir e compartir información e coñecementos a través da internet.

Deberá prestarse especial atención á promoción do acceso ás linguas minoritarias. Isto inclúe a promoción da tecnoloxía e os contidos necesarios para acceder e utilizar os nomes de dominio, *software*, servizos e contidos en linguas minoritarias e *scripts*.

#### **d) Acceso ao coñecemento libre de restricións mediante licenzas (ou licenza) e *copyright***

Os creadores e creadoras deben recibir remuneración e recoñecemento polo seu traballo de maneira que non restrinxan o acceso á innovación ou o coñecemento do público, educativo e dos recursos.

A concesión de licenzas e dereitos de autor dos contidos debe permitir crear, compartir, utilizar e construír o coñecemento. Deberán ser utilizados modelos de concesión con licenzas permisivas.

Deben ser recoñecidas as excepcións aceptadas internacionalmente ao "uso xusto" e as limitacións dos dereitos de autoría, incluíndo a realización de copias para uso persoal e na

aula, a conversión do formato, as librarías de empréstitos, a revisión, a crítica, a sátira, a investigación e toma de mostrás. As técnicas que prohiben as excepcións do 'uso xusto' deben ser prohibidas.

#### **e) Coñecemento libre e o dominio público**

A investigación, o traballo intelectual e cultural financiado con fondos públicos, deben ser libremente postos a disposición do público en xeral, sempre que for posíbel.

#### **f) Software libre ou de código aberto**

Os estándares e formatos abertos deben estar dispoñíbeis.

O software libre ou de código aberto (FOSS) debe ser utilizado, promovido e aplicado nos servizos e nas institucións públicas e educativas

Cando non existir unha solución gratuíta ou de estándares abertos, debe ser promovido o desenvolvemento deste *software*.

## **12.- Nenos - nenas e a Internet**

As crianzas teñen todos os dereitos da presente Carta. Por outra banda, tal e como establece o artigo 25 da Declaración Universal: a infancia "ten dereito a coidados e asistencia especiais". Tal como establece o artigo 5 da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos da Crianza, o/as adolescentes teñen dereito ao respecto da súa "etapa de desenvolvemento".

En termos da internet, isto significa que nenos e nenas deben ter a liberdade de usar Internet, á vez que deben estar protexido/as dos perigos asociados con Internet. O equilibrio entre estas prioridades dependerá das súas capacidades. O Estado debe respectar os dereitos e as responsabilidades dos pais e a familia ampliada para proporcionar ao neno e á nena orientación apropiada para a evolución das súas facultades.

Na Internet, o dereito a coidados e asistencia especiais e o respecto ao desenvolvemento das capacidades das nenas e nenos inclúen:

#### **a) Dereito a beneficiar da internet**

Nenos e nenas deben poder de beneficiar da internet de acordo coa súa idade. Os nenos e as nenas deben ter a oportunidade de utilizar a Internet para exercer os seus dereitos civís, políticos, económicos, culturais e sociais. Estes inclúen os dereitos á saúde, educación, privacidade, acceso á información, a liberdade de expresión e a liberdade de asociación.

#### **b) Protección contra a explotación e as imaxes de abuso infantil**

As nenas e os nenos teñen dereito a crecer e desenvolverse nun ambiente seguro, libre de toda explotación sexual ou doutro tipo. Así pois, deberán adoptarse medidas para impedir o uso da internet para violar os seus dereitos , incluído o tráfico e as imaxes de abuso infantil.

Con todo, tales medidas deben ter finalidade específica e proporcionada. Debe considerarse o efecto das medidas adoptadas no libre fluxo de información.

#### **c) Dereito a ser escoitado**

As nenas e nenos capaces de formaren os seus propios puntos de vista, teñen o dereito a se expresar en Internet sobre todas as cuestións políticas que a/os afecten e as súas opinión serán debidamente tidas en conta de acordo á súa idade e maturidade.

#### **d) O interese superior do neno**

Tal como establece o artigo 3 da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos da Crianza: "En todas as medidas concernentes ás crianzas que tomen as institucións públicas ou privadas de benestar social, os tribunais, as autoridades administrativas ou os órganos legislativos, unha consideración primordial a que se atenderá será o interese superior da crianza".

### **13.- As persoas con discapacidade e Internet**

As persoas con discapacidade teñen todos os dereitos da presente Carta. Como establece o artigo 4 da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (CDPD), "Os Estados Parte comprométese a asegurar e promover o pleno exercicio de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas con discapacidades sen discriminación algunha por motivos das discapacidades. "

Internet é importante para as persoas con discapacidade poderen gozar plenamente de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais. Deben ser tomadas medidas especiais para asegurar que Internet estexa dispoñíbel e sexa accesíbel.

Na Internet, os dereitos das persoas con discapacidades inclúen:

#### **a) Accesibilidade a Internet**

As persoas con discapacidades teñen dereito a acceder, en condicións de igualdade cos demais, á Internet.

Este acceso deberá ser promovido a través da elaboración, promulgación e supervisión das normas e directrices mínimas sobre a accesibilidade, da oferta de formación en materia de problemas de accesibilidade que afrontan as persoas con discapacidade e da promoción doutras formas adecuadas de asistencia a persoas con discapacidade para asegurar o seu acceso á información.

#### **b) Disponibilidade e fácil acceso a internet**

Deben ser tomadas medidas para garantir a disponibilidad e o uso efectivo da internet para as persoas con discapacidade.

A investigación e o desenvolvemento para promover a disponibilidad de información e as comunicacións deben ser levados a cabo nun formato adecuado para as persoas con

discapacidade. Debe darse prioridade ao desenvolvemento de tecnoloxías a un custo accesíbel.

As persoas con discapacidade teñen dereito á información accesíbel sobre tecnoloxías de asistencia, así como outras formas de asistencia, apoio, servizos e instalacións.

#### **14.- Internet e o traballo**

O artigo 23 da Declaración Universal establece que "todo individuo ten dereito a traballar".

Na Internet, o dereito ao traballo inclúe:

##### **a) O respecto dos dereitos dos traballadores**

Toda persoa ten dereito a utilizar Internet para formar sindicatos, incluído o dereito a promover os seus propios intereses e reunirse nos órganos de representación libremente elixidos.

##### **b) Internet no lugar de traballo**

Os traballadores e os empregados terán acceso á Internet no seu lugar de traballo, cando for posíbel.

Todas as restricións ao uso da internet no lugar de traballo deberán manifestarse explicitamente nas políticas de persoal ou de organización.

Os termos e condicións para a vixilancia do uso da internet dos empregados deberán indicarse claramente nas políticas de lugar de traballo e cumprir co dereito á protección de datos.

##### **c) Traballo co uso da internet**

Toda persoa ten dereito a buscar emprego e traballar a través ou por medio da internet.

#### **15.- Participación online nos asuntos públicos**

Tal e como establece o artigo 21 da Declaración Universal: "Toda persoa ten dereito a participar no goberno do seu país, directamente ou por medio de representantes libremente elixidos".

Na Internet o dereito a participar no goberno do seu país inclúe:

##### **a) Dereito á igualdade de acceso aos servizos electrónicos**

O artigo 21 da Declaración Universal afirma tamén que "toda persoa ten o dereito á igualdade de acceso á función pública no seu país". Toda persoa ten dereito á igualdade de acceso aos servizos electrónicos no seu país.

## **b) Dereito a participar no goberno electrónico**

Cando o goberno electrónico estiver dispoñíbel, todas as persoas deben ter o dereito a participar.

## **16.- Protección do consumidor en Internet**

Todo o mundo debe respectar, protexer e cumprir os principios de protección dos consumidores en Internet.

O comercio electrónico debe estar regulado para asegurar que os consumidores reciban o mesmo nivel de protección que gozan nas transaccións non electrónicas.

## **17.- Saúde e servizos sociais en Internet**

Tal e como establece o artigo 25 da Declaración Universal: "Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios; ten así mesmo dereito aos seguros en caso de desemprego, doenza, invalidez, viuvez, vellez ou outros casos de perda dos seus medios de subsistencia por circunstancias independentes da súa vontade".

Na Internet o dereito a un nivel de vida adecuado para a saúde inclúe:

### **a) O acceso aos contidos en liña relacionados coa saúde**

Toda persoa ten dereito ao acceso aos servizos sociais e relacionados coa saúde a través da internet.

## **18.- O dereito a unha solución legal e o acceso a un xuízo xusto ante actuacións relacionadas con Internet**

### **a) Dereito a unha solución legal**

Como establece o artigo 8 da Declaración Universal: "Toda persoa ten dereito a un recurso efectivo perante os tribunais nacionais competentes, que a ampare contra actos que violen os seus dereitos fundamentais recoñecidos pola constitución ou pola lei".

### **b) Dereito a un xuízo xusto**

Tal e como establece o artigo 10 da Declaración Universal: "Toda persoa ten dereito, en condicións de plena igualdade, a ser ouvida publicamente e con xustiza por un tribunal independente e imparcial, para a determinación dos seus dereitos e obrigacións ou para o exame de calquera acusación contra ela en materia penal".



Os xuízos penais deben seguir as normas dun xuízo xusto segundo o definido pola Declaración Universal (artigos 9-11) e o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Político (artigos 9 e 14 - 16), así como outros en documentos pertinentes.

Cada vez, é máis común a violación na contexto da internet do dereito a un xuízo xusto e a un recurso efectivo. Por exemplo, cando unha empresa intermediaria da internet fai un xuízo sobre a legalidade ou ilegalidade dun determinado contido e insta a eliminalo sen orde xudicial. Por tanto, é necesario reiterar que os dereitos procesuais deben ser respectados, protexidos e cumpridos na Internet tanto como no contexto *offline*.

### **c) Dereito ao debido proceso**

Toda persoa ten dereito ao debido proceso en relación a reclamacións legais ou violacións posíbeis da lei en relación a Internet.

## **19.- Apropiación dunha orde social e internacional en Internet**

O artigo 28 da Declaración Universal establece: "Toda persoa ten dereito a que sexa establecida unha orde social e internacional en que os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración se fagan plenamente efectivos".

Na Internet o dereito a unha orde social e internacional apropiada inclúe:

### **a) Gobernanza da internet para os Dereitos Humanos**

A Internet e o sistema de comunicacións deben ser regulados de forma a garantir na medida do posíbel o mantemento e a extensión dos dereitos humanos.

A gobernanza en Internet debe ser conducida polos principios de apertura, inclusión e rendición de contas e ser exercida de forma transparente e multilateral.

### **b) O multilingüismo e a pluralidade a través da internet**

Internet como orde social e internacional consagra os principios de multilingüismo, o pluralismo e as formas heteroxéneas da vida cultural na súa forma e sustancia.

### **c) A participación efectiva na gobernanza da internet**

Toda persoa ten dereito a participar na gobernanza da internet.

Os intereses de todas as persoas afectadas por unha política ou decisión estarán representados nos procesos de gobernanza, que permitirán a todas participaren no seu desenvolvemento.

Debe garantirse a participación plena e efectiva de todas as persoas, en particular dos membros dos grupos desfavorecidos, na toma de decisións mundial, rexional e nacional.

## **20.- Deberes e responsabilidades en Internet**

Tal e como establece o artigo 29 da Declaración Universal: "Toda persoa ten deberes a respecto da comunidade, xa que só nela pode desenvolver libre e plenamente a súa personalidade".

Na Internet os dereitos de toda persoa á comunidade inclúen:

### **a) O respecto dos dereitos dos demais**

Todo o mundo ten o deber e a responsabilidade de respectar os dereitos de todos os individuos na contorna da internet.

### **b) Responsabilidade das persoas que exercen o poder**

As persoas que teñen esta responsabilidade deben exercer o poder de maneira responsábel, absterse de violar os Dereitos Humanos e respectalos, protexelos e cumprilos na maior medida posíbel.

## **21.- Cláusulas xerais**

### **a) A interdependencia de todos os dereitos desta Carta**

Todos os dereitos contidos nesta Carta son interdependentes e refórzanse mutuamente.

### **b) Limitacións de dereitos na Carta**

As medidas que restrinxiren os dereitos desta Carta serán ilegais, excepto en circunstancias excepcionais. Todas as restricións deben ser definidas con precisión e estritamente. As restricións deben ser as mínimas necesarias para satisfaceren unha necesidade real que se recoñece como legal no Dereito Internacional e proporcionadas a esa necesidade. As restricións tamén deben cumprir con criterios adicionais que son específicos de cada dereito. Non se permiten restricións fóra destes límites estritos.

### **c) A natureza non exhaustiva da Carta**

O feito de certos dereitos e principios non teren sido incluídos nesta Carta ou non teren sido desenvolvidos en pormenor non se opón á existencia de tales dereitos e principios.

### **d) Interpretación dos dereitos e liberdades da Carta**

Nada nesta Declaración poderá ser interpretado no sentido de que confire dereito algún ao Estado, a un grupo ou a unha persoa, para emprender e desenvolver actividades ou realizar actos tendentes á supresión de calquera dos dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración.